CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCION DA ALCALDIA
Asunto: DECRETO SERVIZOS ESENCIAIS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DURANTE A FOLGA XERAL CONVOCADA PARA O DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2026
Expte. Admtvo. Núm.: 2026/S001/000266
Expte. Decreto núm.: 2026/G003/000828

ANTECEDENTES

Por resolución da Alcaldía número 763/2026, de data do 23 de outubro de 2026, resolveuse no seu punto terceiro *"en todo caso, debe quedar garantido o aseo persoal, alimentación e medicación así como as tarefas vitais recollidas no proxecto de intervención das persoas que aparecen recollidas no informe da traballadora social do día 22 de outubro, que se consideran imprescindibles para garantir a atención de urxencia e a cobertura de casos de gran dependencia."*

Visto o informe complementario da traballadora social, de data do 29 de outubro e as súas modificacións con respecto ao informe precedente.

En base ao anterior, e en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Ter en conta o informe complementario elaborado pola traballadora social deste concello, con data do 29 de outubro de 2026, coa finalidade de dar cumprimento ás atencións e tarefas contempladas como servizos mínimos, e en todo caso, garantir o aseo persoal, alimentación e medicación así como as tarefas vitais recollidas no proxecto de intervención de todas as persoas que aparecen recollidas no devandito informe.

Segundo.- Trasladar á empresa adxudicataria do servizo.

Terceiro.- Publicar na sede electrónica para o seu xeral coñecemento.

Mándao e asínao o sr. alcalde, en Laxe, na data da sinatura electrónica á marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, para os efectos exclusivos de transcrición ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde.

A secretaria-interventora.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

CVD: YiyVCq8mUQxW8TgR32HG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/